

En virtude do disposto na Disposición Adicional Primeira da *Normativa de Planificación Académica Anual* para os cursos académicos 2018-19 e 2019-2020, e en resposta ás consultas ou solicitudes de departamentos desta Universidade en relación coa participación dos contratados pre e postdoutorais na docencia, esta vicerreitoría

RESOLVE:

Anticipar a aplicación dos parágrafos **3.7 Persoal investigador predoutoral** e **3.8 Persoal investigador postdoutoral**, do capítulo II, da *Normativa de Planificación Académica Anual para o curso académico 2019-2020*, para que poidan ter efectos neste segundo semestre do curso 2018-19.

Os departamentos interesados na súa aplicación presentarán a correspondente solicitude pola vía habitual de modificación de POD.

Esta resolución terá efectos desde a súa publicación no Taboleiro Electrónico da USC.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdicción Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o dictou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Lugo, 6 de febreiro de 2019
Por delegación do Sr. Reitor
(RR do 20.06.2018 – DOG do 29.06.2018)
A Vicerreitora de Organización Académica

María Celia Besteiro Rodríguez

Sras./Sres. Directoras/es de Departamentos
Sras./Sres. Coordinadores de mestrados universitarios
Sras./Sres. Responsables das Unidades de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA CELIA BESTEIRO RODRIGUEZ, VICERREITORA DE ORGANIZACION ACADEMICA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 06/02/2019 12:08:01.

CSV: 02F0-1339-4367-B498